

## ARTE

# Rituais haitianos en honra a Santiago

► Cristina García Rodero sorprende cunha insólita selección de imaxes e músicas sobre as ancestrais prácticas de culto ó espírito do noso santo que perviven en Ultramar

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

O fenómeno das peregrinacións é unha práctica tan universal como as distintas formas nas que se manifesta polos variados pobos do mundo. Evidentemente a veneración sagrada non alcanza a todos os cultos por igual. Algúns traspasan fronteiras e mesmo arrasan máis que nos seus propios lindes. Mentres o 25 de xullo os galegos celebramos o día grande cos lumes ó Apóstolo, alén do mar sorprendéndonos o cariz dos acontecementos con certas prácticas ás que non estamos acostumados.

O culto apostólico arraigou increíblemente no imaxinario americano, ben sexa para o admirar ou para o temer. Isto último sucede en zonas bolivianas onde dito culto, por fusión co seu deus andino, o consideran propiciador de tempestades ou sarrabiadas que sempre teme a condición humana. Para frear calquera desgraza organizáanse celebracións na súa honra e así se xalonan festíns en poboacións como a Paz, Potosí ou México. En poboacións deste último estado vemos un Santiago cobrando as 'mandas' do vulgo, o pagamento do milagre ou favor obtido. Un Santiago despachándose a espadados proporcionais ó número e forza do prometido por persoa.

Centrándonos no ámbito haitiano, territorio electo pola prestixiosa artista Cristina García Rodero Puerto Llano (Cidade Real, 1949) para desenvolver a súa creación fotográfica, e ó que o Museo das Peregrinacións de Santiago dedica a súa sala de exposicións temporal, sorprende a inmediatez e proximidade dunhas imaxes e prácticas re-



Os baños de lama retratados por Cristina García Rodero

lixiosas que por veraces tentan o tacto. Unha exposición exhibida neste verán santo e cuxa duración prolongárase ata mediados de setembro. O seu groso aparece situado en torno á lagoa de Santiago onde supostamente habita o espírito do santo; alí achéganse peregrinos procedentes de todo o país para honrar o Apóstolo. Nesa lagoa sagrada

## Sorprende a inmediatez e proximidade das imaxes

e recollendo o espírito do lugar, insistiu o obxectivo de Cristina García Rodero, alerta durante longas tempadas a desvelar os sucesos máis rechamantes dun día tan especial.

Unha artista que non obviou a violencia e carga dramática que implican determinadas prácticas relixiosas. Así escolleu escenas de sacri-

ficios de animais para revivir antigas prácticas ancestrais relegadas á época bíblica (lémbrese cando Abraham se dispón a sacrificar un año en substitución do seu fillo Isaac), que non deixan de sorprender unha ollada, á nosa actual, cando xa as cría borradas da súa retina.

O momento en que determinados fieis entran en transe, acerca a cámara a primeirísimos planos para enfatizar a expresividade dunha ollada en branco ou nun movemento de pasmo ou excitación. A resonancia do *Éxtase de Santa Teresa*, labrado por Bernini, déixase sentir. Así mesmo, ó espectador imprégnao a mesma 'intuición divina' de Blake. Aínda que non o consigamos, si o deben de lograr, e se diría que ata a medulla, o longo número de fieis que chapuzan na auga cenagosa. Na plasticidade dos torsos impregnados de barro, que en teoría fortalecen ó que se lanza a el, retomamos a memoria das propiedades sandadoras das augas, a cuxas

prácticas estaban moi acostumadas os romanos; pero, así mesmo, semellan a gran tradición artística occidental onde a auga, neste caso limpa, alumiña os torsos de Sorolla tendidos na area, ou a unha tradición escultórica vinculada a un Rodin ou ó modelado de Giacometti.

Outras prácticas preséntansenos como máis próximas á nosa cultura, como o costume de ofrendar moedas á auga, hábito que en esencia non variou ó longo dos séculos e continúan practicando millóns de persoas.

Cristina García Rodero mostrounos outras maneiras de practicar a fe, ritos vudú tan válidos como os os nosos. Un testemuño vivo de altísimo valor documental onde o vudú convive co catolicismo, e o poder e a sedución se erixen en armas básicas para contactar co divino.

Unha artista que xa nos sorprende con rituais e festas da España máis profunda recolleu igualmente vivencias colectivas de todos os continentes sorprendendo á crítica internacional.

O ritual en honra a Santiago, identificado por esta sociedade como Iwa Ogou, se enriquece grazas ó labor dun comisariado moi acertado, a cargo de Támara Bescansa e un rigoroso catálogo con textos debidos ó estudioso no tema Añnec Hurbon e o director do museo. Enriquecen a montaxe rápidas transparencias acompañadas de música haitiana co cal se completa unha mostra que axuda a coñecer e afondar máis noutras culturas que seguen en diálogo permanente con seres do reino invisible, é dicir cos espíritos. Tan antigo e tan moderno á vez.

## CINE

# Un mar de cine puro na consagración de Amenábar

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

**M**ar adentro é a película máis emocionante e fonda que vin nos últimos anos. Había ben tempo que non lembraba que un filme consegue mesturar risos e bágoas nun nobelo de emocións dentro de min, anoado con tanto saber nun contrapunto de gozo e dor, de compaixón e preguntas, de reflexión e relaxación estética, trazado con tanta harmonía que invita a que a narración non remate. Antes de nada: non a perdan.

Alejandro Amenábar salta á madurez coa grandeza dun creador confirmado. Despois das películas anteriores, demostración clara da brillantez técnica e capacidade de innovación dun mozo con talento, atopámonos en *Mar adentro* cun director capaz de escaravellar no máis fondo do ser humano –a liberdade, vivir, morrer, amarcos seguridade e a sensibilidade coa que só os verdadeiros creadores convertidos en expertos son capaces de plasmar. Partindo dun asunto tan complexo e tan dado a esborrexer como é a vida desgraciada e a decisión dramática de tronzala de Ramón Sampedro (os riscos de caer nun panfleto ou nun mar de bágoas melodramáticas serían moi difíciles de superar para calquera), Amenábar consegue un modelo de equilibrio e de engarce poliédrico das distintas posturas diante da eutanasia. Conségueo simplemente porque se impón a autenticidade das contradicións, das preguntas, das dúbidas sinceras e dos personaxes vivos sobre as teses e ideoloxías, de enredos estéticos ó servizo da nada.

*Mar adentro* é unha fluída narración vital aceiteada en imaxes primorosas dentro dun ritmo amoroso encaixado nunha música celestial interpretada por uns actores maxistralmente dirixidos. Dentro de peza tan ben fiada cadran as variacións naturais, espontáneas, belísimas de distintos idiomas; cadran os picos de humor negro, defensivo, pillaban; os momentos de dor insoportable; as elipses aclaratorias máis ca nada; os diálogos intelixentes, labrados coa paciencia de ebanista; unha *Negra Sombra* universal enganchada a un minuto eterno; a técnica ó servizo dun guiño sutil; coincido en que Mabel Rivera realiza un papel soberbio, pero todos os personaxes están tan ben definidos que difícil é destacar a un actor; un mar de cine en estado puro, belo, sensible e intelixente. Con León de Venecia ou sen el, os creadores de *Mar adentro* poden estar orgullosos: levaron da cabeza á pantalla unha historia fermosísima. Repito: non a perdan.

É túa. Traballa para ti.